




CMAT
CENTROS MUSEÍSTICOS FERROLTERRA



MUSEO NAVAL DE FERROL

Trátase do antigo presidio de San Campio, onde se atopa recollida a historia naval de España e Ferrol dividida nun total de trece salas expositivas.



MUSEO ETNOGRÁFICO DA CAPELA

Tres espazos expositivos ("A Casa do Pazo", "O Parque etnográfico do Sesín", "A Escola") interrelacionados entre si para achegármolos á cultura rural tradicional.



MUSEO ETNOGRÁFICO MONTE CAXADO

O Museo Etnográfico "Monte Caxado" de As Pontes de Gª Rguez., atesoura unha colección etnográfica dunhas 4.000 pezas relacionadas co pasado pontés.



CENTRO DE INTERPRETACIÓN A MINA

Unha mostra sobre a historia industrial das Pontes, vinculada á mina de lignito pardo do municipio para afondar, entre outros, na formación do xacemento e as súas características xeolóxicas.



MUSEO PÉREZ PORTO

O Museo contén unha exposición de cerámica e escultura adicada ao Mago Merlín na Selva de Esmelle creada polo ceramista Francisco Pérez Porto.



CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS ANDRADE

Torre defensiva mandada construír por Fernán Pérez de Andrade "O Boo" no século XIV. Ubicado no casco histórico da vila de Pontedeume, formaba parte dun antigo pazo e hoxe en día acubilla o Centro de Interpretación da familia Andrade e a Oficina de Turismo.



CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE CALDOVAL

Balneario rural doméstico habitado entre o século I e o V. d.C. en época do Imperio Romano. Un complexo dedicado á hixiene, á saúde, ao ocio e probablemente tamén á práctica deportiva.



ARQUEÓDROMO

Espazo educativo no Centro Torrente Ballester para colexios no que aprender de xeito ameno e rigoroso o que é a arqueoloxía, escavando nunha recreación dun xacemento e estudando os seus achados no laboratorio.



MUSEO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL

Xestionado pola Fundación Exponav, ubícase no edificio de Ferrerías no Arsenal de Ferrol, un museo cunha exposición con elementos propios desta disciplina que datan dende o s. XVIII ata os nosos días.



MUSEO CASA DO MEL

Á beira do Parque Natural das Fragas do Eume este pequeno espazo móstralles aos visitantes o sorprendente e interesante mundo das abellas.



OCEANO SURF MUSEO

Sala principal na que se fai un percorrido pola historia e a cultura do surf a través dunha colección de táboas, e unha segunda dedicada ao Pantín Classic, a competición internacional de surf que se ven celebrando en Valdoviño dende o ano 1988.



MUSEO DO HUMOR XAQUÍN MARÍN

O museo amosa preto de 400 obras de humoristas gráficos galegos e de todo o mundo. No seu arquivo consérvase unha importante colección de orixinais -ao redor de 4.000- de autores de diversas nacionalidades dende 1984 ata a actualidade.



MUSEO DE HISTORIA NATURAL

Aberto ao público grazas ao apoio do Concello de Ferrol, cunha boa mostra da natureza do Noroeste da Península Ibérica (xea, flora e fauna). Os fondos proceden da actividade da SGHN e de doazóns de particulares.